



**O Consello de Administración do Grupo Euskaltel propuxo tamén o nomeamento como conselleira de Ana García Fau**

## **Euskaltel reforza o perfil galego do Grupo coa proposta de nomeamento de Beatriz Mato como nova conselleira**

- *Con esta proposta, que deberá ser aprobada pola próxima Xunta Xeral Extraordinaria de Accionistas que se celebrará o 29 de setembro, o Grupo Euskaltel adopta os modelos máis avanzados na adecuación das normas de Bo Goberno Corporativo na composición do seu Consello de Administración.*

**Derio, 25 de agosto de 2020.** O Consello de Administración do Grupo Euskaltel propuxo, por unanimidade, o nomeamento de Beatriz Mato como nova conselleira independente do Órgano de Goberno da compañía, o que supón un claro reforzo do perfil galego do Grupo e da marca R en Galicia.

Este nomeamento prodúcese nun momento crucial para o Grupo Euskaltel, que aprobou o seu plan estratéxico para os próximos cinco anos, e iniciou con éxito a súa expansión ao mercado nacional, cuxa estratexia pasa por fortalecer o arraigamento das súas marcas tradicionais nos seus mercados naturais, e abrirse ao mercado nacional en plena expansión, reforzando o liderado da compañía na transición dixital.

Neste sentido, Beatriz Mato, coa súa grande experiencia e coñecemento do tecido empresarial e institucional de Galicia, contribuirá a reforzar o arraigamento de R neste mercado.

Beatriz Mato Outeiro é Enxeñeira Industrial, especialidade Organización Empresarial, pola Escola Superior de Enxeñeiros Industriais de Bilbao, e Mestrado MBA de Dirección e Administración de Empresas, pola Escola de Negocios da Universidade da Coruña. Ademais, ten o Certificado de Bo Goberno de Sociedades polo Instituto de Conselleiros-Administradores, e é membro da Asociación Española de Conselleiras.

Beatriz Mato conta con 30 anos de experiencia profesional na empresa privada e pública, liderando proxectos empresariais no sector tecnolóxico e de consultoría en Pemes e Multinacionais, e tamén desenvolveu a súa carreira na xestión pública como Conselleira de Goberno autonómico de Galicia.

Ten unha ampla experiencia no sector da consultoría especializada e no da implantación de sistemas de calidade, así como no da innovación. Iniciou a súa carreira profesional como técnica de sistemas en IBM España (1989-1991), posteriormente como técnica comercial de servizos informáticos en Rank Xerox (1991-1993), e máis tarde como enxeñeira de calidade na Enxeñaría Norcontrol, actualmente Applus (1993-1995).

Conta cunha ampla experiencia na xestión pública como Conselleira de Goberno autonómico de Galicia, primeiro, no período de 2009 a 2015, como Conselleira de Tránsito e Benestar, e despois, de 2015 a 2018, como Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Ademais, entre 2002 e 2005 foi Delegada provincial da Consellería de Pesca.

Foi Presidenta da sociedade anónima Sogaser S.A. en 2009 e 2010, e membro dos Consellos de Administración de distintas entidades públicas en Galicia, como a Autoridade Portuaria da Coruña, a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao e do Instituto Galego de Promoción Económica, IGAPE, entre os anos 2009 e 2018.

Ademais, á fronte do departamento de innovación de IGAPE, desempeñou entre os anos 1995 a 2000 labores de apoio ás empresas galegas en materias como tecnoloxías da información e servizos de consultoría, prestando servizos de asesoramento económico-financiero, internacionalización e apoio ao emprendemento.

Xunto a Beatriz Mato, o Consello de Administración do Grupo Euskaltel propuxo así mesmo o nomeamento de Ana García Fau, como conselleira independente.

Ana García Fau é unha recoñecida profesional que conta cunha dilatada traxectoria e experiencia na dirección de empresas, ademais de como conselleira en múltiples compañías referentes no sector a nivel internacional, tanto cotizadas como non cotizadas.

É licenciada en Dereito e Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade Pontificia Comillas, ICADE (E-3, especialidade financeira). Ten un Mestrado en Administración de Empresas polo MIT Sloan School of Management de Massachusetts.

Ademais, é membro, entre outras organizacións, do consello asesor de DLA PIPER GLOBAL & DLA PIPER INTERNATIONAL,LLP e SALESFORCE.COM IBERIA/EMEA e de fundacións e asociacións como International Women Forum Spain.

Conta cunha ampla experiencia no sector das telecomunicacións, ocupando diferentes postos de responsabilidade no Grupo Telefónica e Yell-Hibu, onde desempeñou responsabilidades executivas en TPI-Páxinas Amarillas, como Directora Xeral Financeira e Directora xeral de Desenvolvemento Corporativo, sendo á súa vez membro do Consello de Administración de PubliGuías-Chile, TPI Perú, Telinver-Arentina e Adquira, entre outras. En HIBU (anteriormente YELL) foi Conselleira Delegada de España, Latinoamérica e o mercado hispano de EE.UU, membro do seu Comité executivo internacional, así como Directora Xeral de Desenvolvemento Corporativo e Estratexia a nivel global.

Con anterioridade á súa experiencia neste sector, desenvolveu a súa carreira en compañías españolas e internacionais como McKinsey & Company, Goldman Sachs e Wolff Olins.

Ana García Fau é conselleira independente nas sociedades cotizadas Merlin Properties, S.A., e Gestamp Automoción S.A., e é presidenta non executiva da sociedade Finerge, S.A.

### **Consello de Administración paritario e con máis independentes**

Con esta proposta, o Grupo Euskaltel adopta os modelos máis avanzados na adecuación das normas de Bo Goberno Corporativo, pola composición paritaria -40 % de mulleres-, e de conselleiros independentes no seu Consello de Administración.

Beatriz Mato e Ana García Fau foron elixidas como as candidatas idóneas para ocupar o cargo de conselleiras da compañía, tras un proceso de selección liderado pola Comisión de Nomeamentos da empresa, que presentou a proposta ao Consello de Administración, onde recibiu o apoio unánime de todos os seus membros.

O Consello de Administración do Grupo Euskaltel tomou a decisión de propor a incorporación das novas conselleiras atendendo ao perfil profesional de ambas as candidatas, e á súa dilatada experiencia e coñecementos no sector das telecomunicacións, tanto a nivel local como nacional e internacional.

### **Redución do número de conselleiros**

Doutra banda, atendendo as recomendacións en materia de Goberno Corporativo que buscan un funcionamento eficaz, a participación activa de todos os conselleiros e favorecer a axilidade na toma de decisións, o Consello de Administración propuxo a redución do número de membros do mesmo, que será de dez compoñentes.

Ambas as propostas – o nomeamento das dúas novas conselleiras e a redución do número de membros do Consello de Administración a dez -, deberán ser referendadas polo Xunta Xeral Extraordinaria de Accionistas do Grupo, que se celebrará o 29 de setembro.

Ata este momento, o Consello de Administración estaba composto por 11 membros, aínda que no caso de tres deles – Elisabetta Castiglioni, José Ángel Corres e Miguel Ángel Lujua -, o seu mandato expirou.

Con estes cambios, no caso de que a Xunta Xeral Extraordinaria de Accionistas de setembro os aprobe, o Consello de Administración do Grupo Euskaltel tería unha composición na que os conselleiros independentes máis o externo serían maioría sobre os dominicais.

Polo tanto, o Consello de Administración da Sociedade quedaría integrado, a partir da súa aprobación, por 10 membros: 4 Conselleiros dominicais, 4 Conselleiros independentes, un Conselleiro Executivo e un Conselleiro Externo.